

# cuestións



---

## POR UNHA LINGUA NUMEROSA

---

Darío Xohán Cabana

---

Ítalo ardito, a que giammai non posi  
di svegliar dalle tombe  
i nostri padri? ed a parlar gli meni  
a questo secol morto, al quale incombe  
tanta nebbia di tedio?

Así comezaba Giacomo Leopardi a súa canción *Ad Angelo Mai, quand'ebbe trovato i libri di Cicerone della Repubblica*, que foran procurados sen éxito polos filólogos desde o propio Petrarca; e quere dicir, máis ou menos, se non entendo mal o seu tenso italiano:

Ítalo audaz, por que non paras nunca  
de espertar das súas tumbas  
os nosos pais, e os levas a falarlle  
a este século morto que atafega  
tanta néboa de tedio?

Verdadeiramente, a tradución do verbo *incombere* por *atafegar* é máis ben aproximada; *incombere* significa o mesmo ca *incumbir* en galego, pero tamén, e ese é o caso aquí, «estar enriba de», cun certo matiz de peso ou de opresión, ou mesmo de ameaza, ou de inminencia de dano: «l'uragano incombava sulla regione». É dicir, o *incombere* italiano mantén practicamente a semántica do *incumbere* latino. ¿Sería talvez mellor anosar por «revoa», palabra que por certo me quixo prohibir o corrector ortográfico cando a estaba escribindo? «Este século morto que revoa / tanta néboa de tedio»: non me parece mal de todo, aínda que é un pouco débil. Pero non estamos aquí pra discutir matices de tradución, senón máis ben pra falarmos un pouco de lingua e de norma lingüística en relación coa literatura. E como ás veces pode ser conveniente apoiarmos as nosas posicións no principio de autoridade —sempre que logo non lle fagamos moito caso—, quixen eu traer aquí a autoridade de Leopardi para estrincarme ben nela ó argumentar as miñas opinións sobre un problema bastante importante, polo menos pra min: a excesiva influencia que teñen na escrita literaria certas teimas non direi filolóxicas, senón filoloxistas, que pretenden recortar a lingua e coutar a liberdade do poeta —ou do novelista, que pró caso é o mesmo, ou debería selo— con ultranormas cuxa validez sería discutible mesmo pró Diario Oficial de Galicia.

Cando Leopardi escribiu «al quale incombe / tanta nebbia di tedio» sabía moi ben o que facía. De feito, os dicionarios italianos de hoxe, entre eles o Zingarelli que é o que teño á man, recollen o verbo *incombere* no senso leopardiano. Pero, segundo parece, daquela o *Vocabolario della Crusca*, o dicionario académico que se pretendía normativo, era doutra opinión; o que non sei é se excluía a palabra enteira ou só a acepción leopardiana. Como sabedes, Academia della Crusca anósase por «Academia do Farel», porque tiña como emblema unha peneira pra quitarlle o relón ó que os señores académicos consideraban a fariña máis branca e exquisita da lingua. Pois ben, esta exclusión supostamente farelácea, fose cal fose, deu lugar a que Leopardi se defendese atacando, cunha protesta apaixonada e tan intelixente que mesmo escusa unha argumentación, porque a súa razón faise evidente só con expoñela. Velaquí a nota que redactou para a edición das dez *Canzoni del Conte Giacomo Leopardi* impresas en Boloña en 1824:

Incombe: Esta e outras moitas palabras, e significacións de palabras, ou moitas formas de dicir empregadas nestas Cancións, foron tiradas, non do *Vocabolario della Crusca*, senón daqueloutro Vocabulario do que todos os escritores clásicos italianos, prosistas ou poetas (por non saír da autoridade), desde o pai Dante até os mesmos compiladores do *Vocabolario della Crusca*, incesantemente e libremente derivaron todo aquilo que lles pareceu conveniente e que se axeitou ás súas necesidades ou comodidades, non preocupándose de que canto pillaban prudentemente do latín fora ou non fora usado polos máis vellos ca eles. E quen pensa que no mesmo intre en que se publica o dicionario dunha lingua se deben entender anuladas sen máis todas as facultades que todos os escritores até aquel intre tiveran a respecto da mesma; e que esa publicación, pola súa soa e propia virtude, pecha e atoa sen máis voltas e pra sempre as fontes da fala: ese non sabe qué carallo é un dicionario nin unha lingua nin outra cousa ningunha.

Certamente, Leopardi escribe «costui non sa che diamine si sia», algo así coma «que diaño»; pero estou por xurar que pensaba «non sa che cazzo si sia», ou polo menos «che cavolo».

Pois o mesmo problema que tiña o Leopardi hai dous séculos témolo nós agora, senón que o noso é un pouco peor aínda; e nin sequera nos pasa só —que tamén— cando rouba-mos palabras no latín, senón mesmo cando as collemos da lingua oral popular ou da nosa

propia tradición literaria. Por outra banda, feliz Leopardi, pois non creo que a el pasasen de criticarlle con máis ou menos educación as súas escollas léxicas ou semánticas. A nosoutros —por poñermos dous casos, aquí ó Angueira e mais a min— haberá mesmo quen, sen pedírnos licenza nin permiso, intente que os nosos poemas, e sobre todo os nosos contos e novelas, se impriman corrixidos. Porque hoxe nas editoriais hai correctores moi ousados que, armados polo regular cunha recente licenciatura en filoloxía galega e cun dicionario da Academia —ou normativo privado—, son capaces de corrixir mesmo sen avisar, a ver se un non se decata, como me ten pasado a min, e se cadra máis veces das que me decatei...

Non vou dicir que o oficio de corrector lingüístico sexa inútil, nin que non o deba haber. Xaora que non. Nas editoriais é conveniente, e xa non digamos na prensa, na pouca prensa que se preocupa do galego. Non son tan parvo como pra non dar-me conta das diferenzas de calidade de lingua entre textos dun mesmo autor —de certos autores— publicados en diferentes medios ou editoras. Algúns escritores literarios, algúns poetas, e sobre todo algúns novelistas e ensaístas, teñen a curiosa manía, non sei se por convencemento ou por comenencia, de consideraren pouco importante a calidade da lingua que empregan. Importa a historia, ou a idea, non a lingua, diranche. Seguramente esta crenza estúpida, que é probable que exista en todo o mundo, produce monstros máis grandes aínda en literaturas coma a nosa. Se mesmo o castelán é deteriorado polo contacto do inglés, ¿que non lle pasará ó galego, sufrindo unha presión infinitamente maior do castelán, se non somos conscientes e non nos arrepoñemos contra a desfeita?

Así, pois, coido que o oficio de corrector lingüístico das editoriais é un mal en xeral necesario, imprescindible para darlle un mínimo de dignidade á lingua dalgúns escritores que, naturalmente, non citarei. Pero o problema non é ese: o problema é cando os correctores se meten con Leopardi. Con Leopardi ou con algúns de nós. Xa vedes que esquezo toda modestia e me inclúo eu mesmo na nómina dos escritores galegos que fan literatura facendo lingua, unha nómina na que están esplendorosamente en cabeza Méndez Ferrín ou Anxo Angueira, pero tamén outros moitos, probablemente a maioría de nosoutros.

A situación en que hoxe estamos con respecto á normativa lingüística é, na miña opinión, perfectamente satisfactoria. Vinte e cinco anos pasaron desde as primeiras normas oficiais obrigatorias, e hai pouco aprobouse unha lixeira modificación que, alén dos seus méritos ou deméritos intrínsecos —penso que ten de ambos e dous— posúe a virtude fundamental de virlle poñer fin á disidencia de mínimos que tanto mal lle fixo á consolidación social do galego, e mesmo á súa implantación no ensino. Unha vez aprobada esta reforma, coido que non se debe prever outra. Non digo que non se faga algún día, o futuro pode ser moi longo; pero sería estúpido e suicida tela metida no programa. A flexibilidade da norma actual é máis ca suficiente, incluso pra que algúns se sigan divertindo coas súas teimas lusificantes, inzando ó disimulo os seus escritos con idiotismos portugueses. E os problemas que unha lectura obtusa da normativa puidera producir, pódense evitar sinxelamente coa aplicación da intelixencia. Mais como a intelixencia ás veces non se aplica moito, vou intentar poñer sobre a mesa algúns dos problemas que veu habendo estes anos pasados e que, se non o remediamos, van seguir amolando nos próximos. As miñas ideas, ben elementais por outra banda, estarán sempre relacionadas co oficio da literatura, aínda que tamén poderán aplicarse, en todo ou en parte, ós outros usos escritos, e orais denominados «cultos», da lingua; e interésame moitísimo expoñelas perante vós, que tedes o pensar case

por oficio, porque desexo que as pensedes e, se estades de acordo en todo ou en parte, defendades estas posicións, como xente influente que sodes nos vosos ámbitos. A cuestión da lingua é demasiado importante pra deixárllela só ós lingüistas.

Empecemos con dous truísmos:

- 1.º Os dicionarios académicos poden ser normativos en canto ó que inclúen, pero non así en canto ó que non inclúen. Ademais, non son infalibles: a súa condición normativa é convención, non esencia.
- 2.º As enumeracións son sempre, e por principio, incompletas, e todo dicionario é incompleto en xeral, en primeiro lugar —pero non só— porque a lingua está sempre en proceso de creación e mudanza. Os dicionarios galegos, en particular, son máis incompletos aínda do normal, debido ó estado aínda deficiente da nosa lexicografía.

Infelizmente, estas dúas ideas tan obvias, tan de sentido común, non son tidas xeralmente en conta no mundo da edición galega. Por iso, un dos problemas que se ten suscitado máis a miúdo en canto á escrita literaria é o das palabras «lícitas» e «ilícitas». Este problema, xa ora, apenas ten chegado ó público lector, pois queda xeralmente entre bastidores, ou nas cloacas da edición. Pero o certo é que unha chea de palabras que non tiñan ou non teñen a sorte de estaren nos dicionarios «normativos», académicos ou privados, son automaticamente substituídas polos correctores con outras que eles coidan equivalentes. Calquera cousa que non se achara nas sucesivas versións do VOLGA, o vocabulario ortográfico da lingua galega usado durante moito tempo como unha especie de grimorio secreto pola seita dos correctores, ficaba automaticamente relegada á categoría do prohibido. E non vaiades pensar que estou falando de rarezas léxicas. Por non saír do «alfa», todas estas palabras que vou pronunciar tiveron ou teñen aínda problemas de aceptación, e ás veces ten habido que petar enriba da mesa pra que nolas deixasen imprimir: alleeiro, anguria, apeitar, arrepuxar, artellar, asisar... Catro delas aínda mas marcou en vermello o corredor ortográfico. «Non está no VOLGA» (ou no dicionario Xerais ou en calquera outro, segundo a igrexa parroquial do corrector), esa era a relixiosa sentenza pretensamente infalible. E a nosa obvia resposta «Pois que o metan» non era comprendida en primeira instancia por algúns deses correctores que, aínda sendo xeralmente licenciados en filoloxía, estaban tan mal amoblados que ignoraban que o Xerais tiña só 35.000 palabras, mentres que os dicionarios de francés, idioma ben constreito por certo, cando non levan o adxectivo descalificativo de «petit» andan ó redor das 70.000, e ás veces algo máis. Por certo que o corrector informático tamén me quere prohibir *constreito*. *Xustillos mal constreitos*, dicía Pondal...

Non direi, xa ora, que a culpa destas ridiculeces é dos que fixeron o VOLGA, que despois de todo non afirma ser máis ca un vocabulario ortográfico. Naturalmente, Antón Santamarina non é responsable pola necidade dos papistas máis papistas có papa que usan o VOLGA como un machado pra recortar e diminuír o idioma cunha obstinación que sería ridícula se non fose tan cabreante. Paréceme a min que a riqueza é mellor cá pobreza, que a abundancia é preferible á escaseza... E resulta que non, que segundo os correctores lingüísticos deste miserable país o que convén é termos poucas palabras. E iso non quere dicir que algunhas das preferidas non sexan inventadas nos laboratorios lingüísticos... Lémbrome dun tempo en que alguén tivo a matemática ocorrencia de inventar o substantivo *xove* para

escuadrar o galego co castelán e co portugués. Daquela, se escribías coma tal «os mozos ían ás festas da contorna» corrías o risco de que un corrector especialmente amigo das innovacións che quixese facer poñer «os xoves ían ás festas da contorna». E despois, cando o bo sentido lle puxo un asterisco de exclusión a tan pouco agraciado envento, houbo que percorrer a toda présa o camiño contrario... De idas e voltas así está cheo o mundo da edición dos últimos vinte e tantos anos, e se cadra algún día, de aquí a un século, alguén fai unha divertidísima tese de doutoramento sobre o tema. Ogallá.

A reforma normativa do ano 2003 está a producir tamén algunha situación ridícula debida á interpretación irreflexiva ou abusiva das enumeracións que contén. Como é ben sabido, a nova enumeración de palabras gramaticais do catecismo académico inclúe o fermoso arcaísmo «porén», do cal me alegro, e infelizmente, non sei se por erro ou por esquecemento, ou por outro motivo que non dou concibido, exclúe, entre outros sintagmas adversativos de longo uso popular e literario, a locución conxuntiva «sen embargo».

Entón, os correctores empezaron inmediatamente a poñer «poréns» por todas partes, con tanto ou máis fanatismo aínda do que empregaban pra borralo cando o consideraban prohibido, e os «sen embargos» que antes tiñan todas as bendicións sacramentais pasaron de repente ó limbo, non sei se ó dos xustos ou ó dos inocentes. Ou directamente ó inferno, pois xa sabes que o limbo dos xustos desapareceu ó romper Cristo as súas portas, como ben sabemos por Dante, e o dos inocentes foi silenciosamente eliminado no derradeiro catecismo vaticano. Si, ó inferno, porque hai pouco saíu un dicionario, bastante bo polo demais, que rexistra o sintagma «sen embargo» cun asterisco de condena e proscrición. Supoño que o «sen embargo» o querían dar de baixa os lusistas, tan ignorantes en xeral que non saben que «sem embargo» é tamén excelente portugués, que figura en todos os dicionarios, que foi e é empregado polos mellores autores, que se usa en Portugal e no Brasil, e que se se marca en Google aparecen algo así coma 180.000 ocorrencias, das que a inmensa maioría son equivalentes de «porém».

Pero isto son ridiculeces que afectan non exactamente á literatura, senón á norma estándar. Certamente, unha norma culta estándar non ten por que chegar ó extremo de incluír absolutamente todo o caudal variantístico da lingua. Agora ben, unha norma culta estándar é a lingua do ensino, a lingua das leis e da política, a lingua da información, a lingua da literatura ensaística e científica... A literatura propiamente dita, a de creación, a poesía nas súas diversas formas —lírica, épica e dramática—, participa naturalmente da norma culta estándar, pero ten tamén outros territorios. Os dialectalismos, as variantes, os estranxeirismos, a propia invención persoal, teñen cabida nestes eidos nunca ben determinados, únicos en cada caso. A literatura só ten a obriga de seguir as normas ortográficas e, se acaso, as morfolóxicas máis xerais, iso sempre que a intención do autor non sexa a de representar o dialecto, ou mesmo o idiolecto, como recurso literario, porque daquela incluso esas normas se transgreden, sen que por iso haxa que procesar en rebeldía os transgresores, chámense eles Carlo Emilio Gadda, James Joyce ou Uxío Novoneyra. Ou Anxo Angueira: ¿canto non perdería *Pensa nao* se a traducirnos á koiné de dúas mil palabras, se non son inda menos, que parecen postular algúns tradutores profesionais, ou digo mercenarios, de literatura «infantoxuvenil»?

En canto á cuestión dos castelanismos, naturalmente os castelanismos inconvenientes débense excluír da norma culta —o seu uso estilístico na literatura é outra cousa—, pero

tamén me parece que convén ter coidado coas exclusións irreflexivas e cos purismos excesivos. Nisto dos castelanismos ás veces caemos nun pudor hipócrita e ridículo de colexio de monxas. Lembro que hai uns anos examinei un dicionario galego con etimoloxías, e ollando ollando, de súpeto decateime de que, segundo aquilo, o galego non tiña case castelanismos. Rexistrábase, si, e mesmo diría que con orgullo, unha serie moi considerable de galicismos, de occitanismos, mesmo de italianismos. Castelanismos non se vía ningún. Os arabismos si, eran moi abundantes... Que cousa máis estraña, despois de tantos séculos de contacto, e de tanta colonización cultural, isto é un milagre... Até que lentamente, como é propio das miñas poucas luces, me decatei de que, por exemplo, gran parte dos arabismos que figuraban como tales eran palabras que o galego tomara do castelán... Por esa regra de tres, tamén era escusado dicir que *freire* ou *monxe* veñen do occitano, cando os podemos remontar coa mesma facilidade ó latín e ó grego. Quero con isto dicir que o galego ten incrustados moitos castelanismos, antigos e modernos, en niveis populares ou cultos, que na miña idea non hai por que intentar excluír —digo intentar, pois conseguilo é outra cousa— dunha maneira sistemática. Pronuncio, por exemplo, unha palabra: *sobrecolledor*, *sobrecoller*. Iso é un castelanismo de nivel culto, non hai dúbida ningunha. Sen embargo, miñas donas e meus señores —sen embargo, si—, eu desafíovos a expresar ese concepto dunha maneira igual de matizada cunha palabra galega de toda a vida. Pola miña parte, mentres non ma deades eu vou ficar *sobrecollido* tantas veces quixer, sen ningún tipo de pudor. É que, verdadeiramente, a min *deslúmbrame* a beleza desa palabra. *Deslúmbrame...* Nun senso físico, para a cegueira súpeta que produce unha luz intensa, temos o verbo *transpintar*, ou polo menos téño eu no meu dialecto, e pódovolo dar e vós facérdelo xeral; pero pró senso figurado de admiración extrema diante da beleza, nin nós nin os portugueses temos unha palabra patrimonial boa. Ó mellor o noso *abraiar* e o noso *abraio* teñen o seu aquel, pero non vos é o mesmo exactamente... Os portugueses aceptaron *deslumbrar* e *deslumbrante* desde hai séculos, e non vexo por que nós debemos ser máis escollidos. Que en realidade sómolo, pois en galego literario hai menos castelanismos ca en portugués de Portugal. Pero non hai que esaxerar, non vaia resultar que teñamos nós menos castelanismos do que galeguismos ten o castelán, o cal sen dúbida sería motivo de abraio pra todos os lingüistas e sociolingüistas do mundo.

\* \* \*

A lingua é creación do pobo; pero o pobo non son só os que falan, senón tamén os que escriben. Toda lingua é, en principio, fala; pero cando unha lingua se escribe tamén, pasa a ter dous niveis ou dúas liñas de formación que se alimentan mutuamente, e aí os escritores creativos, os poetas, os narradores, os dramaturgos, os bos cronistas e ensaístas, asumen un papel que tende mesmo a facerse reitor na conformación e evolución da lingua. O italiano, ou toscano literario, ou como se lle queira chamar, non é a lingua oral dos florentinos en que se baseou, senón a lingua escrita por Dante, Petrarca e Boccaccio, que nunha evolución secular, en relación coa fala, pero tamén, e moi principalmente, alimentándose da tradición escrita, e da teatral e operística, se constituíu nun artefacto novo, no seu caso extraordinariamente flexible e conservando aínda hoxe unhas posibilidades sintácticas, léxicas e variantísticas que o francés, por poñermos un caso, se prohibiu hai séculos. Por desgraza

para o francés, digámolo de camiño, que precisamente por ser tan ríxido parece resultar menos resistente có italiano á deterioración producida polo inglés.

Por outra banda, existe un erro sobre o que é unha lingua oral que en parte pode combaterse lendo, coma tal, *A vontade de estilo na fala popular*, que foi o discurso de ingreso de Rafael Dieste na Academia Galega. Nese interesante ensaio amósase moi ben que o «pobo» non son só eses vociferadores de taberna de lingua e mente elementais que imaxina o pequenoburgués satisfeito dos seus estudos académicos e da súa culturiña máis ou menos libresca. Non, o pobo, e o mesmo pobo proletario que diría Celso Emilio, está composto de individuos, e dentro deles hai de todo, incluso creadores de lingua. É máis, segundo parece, en certos pobos e en certas culturas ágrafas, coma por exemplo as bárdicas, os diversos niveis da lingua, unicamente oral, poden ser dunha grande complexidade, e os bardos irlandeses usaban con toda naturalidade cousas tan aparentemente librescas como o arcaísmo puntual ou sistemático.

Pero sexa como for, o noso caso é o dunha lingua escrita, unha lingua cunha tradición literaria que, na súa xeira moderna, conta cun século e medio; e durante este tempo foise conformando como unha lingua de cultura, grazas ó pobo letrado que se chamaba Francisco Añón, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Castela. Ou hoxe, Méndez Ferrín, ou Anxo Angueira, ou calquera de vós que facedes filosofía en galego, e que formades, naturalmente, parte do pobo galego, mesmo nun nivel máis profundo, por consciente, que a maioría dos nosos concidadáns.

Eses membros do pobo, os escritores do pasado, os nosos fundadores, crearon lingua de cultura: simplemente, collendo e escollendo as palabras populares, as palabras do dialecto, e poñéndoas por escrito en construcións novas, en poemas, na forma máis alta da linguaxe que é a literatura. Mais eles non percibían só unha aldea, unha vila, unha bisbarra, senón unha nación, e foron interdialectais xa desde o primeiro intre. Calquera que lea a Francisco Añón, tan inxustamente esquecido, porque era un poeta cheo de graza e de méritos, fica abraiado polo seu galego, que coincide nun grao case milagroso co galego común, esta koiné que hoxe soemos empregar por escrito e na comunicación formal. En realidade, fóra da irrelevante vestidura gráfica, o galego de Añón coincide case exactamente coas normas morfolóxicas académicas; e isto é máis sorprendente aínda cando lembramos que Añón era da Serra de Outes, e polo tanto de dialecto fisterrán, do que practicamente non aparecen trazos diferenciais na súa escrita —nin sequera o cheísmo, que tanto caracteriza os versos de María Mariño.

Quero con todo isto afirmar unha cousa que nas outras linguas, nas linguas «normais», é dogma incontestado: o principio de autoridade. Aquí, polo contrario, e desde hai vai pra tres décadas, parece que moitos filólogos de oficio andan ó quite cos escritores, e as palabras que empregou Rosalía parécenlles sospeitosas polo simple feito de que as empregase ela. Lembro que no primeiro dicionario da Academia non figuraba a palabra «saudade», que vén en Rosalía, e antes dela nos lexicógrafos do XVIII.

Os lexicógrafos do século XXI deben perder esta funesta manía de excluíren o criterio de autoridade dos escritores, e de pola contra aceptaren acriticamente como válida a autoridade, poño por caso, do *Vocabulario do galego de hoxe* ordenado por Constantino García, onde figura unha considerable cantidade de disparates e fantasmas con que algún informan-

te de humor bastante retorto se burlou dalgún inquiridor ou inquiridora. A historia do galego literario ten, desde logo, os seus máis e os seus menos, e certamente houbo épocas en que dúas teimas, a plebeísta e a diferencialista, restan algo de autoridade —pero non toda en absoluto— ós que caeron nelas. Así a todo, lembremos que mentres Risco ou o Cunqueiro novo escribían máis ben á súa maneira, Castelao e Aquilino Iglesia Alvariño escribían máis ben á nosa; e que aínda que Otero Pedrayo comete diferencialismos gráficos absurdos e unha certa cantidade de hiperenxebriños, a súa base léxica é en xeral inabale.

A literatura, a poesía, é a forma máis alta e depurada que asume a lingua; por iso, os poetas, os narradores, os dramaturgos, os ensaístas literarios, son autoridade universalmente tida en conta en materia de lingua. É máis, son a autoridade por excelencia. Creo que hai que afirmar e establecer claramente entre nosoutros que prá formación dunha lingua culta, dunha lingua literaria, hai que basearse nos bos autores do pasado e do presente tanto polo menos coma nas elucubracións dos filólogos. E aquí córréseme unha cuestión minúscula pero exemplar: calquera licenciado ou licenciada en filoloxía pode facer unha regra de tres e establecer que se o grego *isoskeles*, a través do latín, veu dar *isóscele* en galego —en teoría polo menos—, entón o grego *triskeles*, en lóxica matemática, debería dar *tríscele*. Isto ocorrúeselles ós filólogos inda non hai vinte anos, cando xa había por aí setenta que os creadores da prosa científica galega adoptaran a forma *trisquel*, ben máis bonita e pronunciábel, que diciamos e escribiamos todos e que non vexo que lle fixera ningún mal a ninguén, pero que foi proscrita fulminantemente sen que a autoridade de Risco, de Otero Pedrayo, de Castelao e do Seminario de Estudos Galegos en pleno lle gañasen nin o máis mínimo respecto.

Pero ademais da lingua escrita, a lingua oral segue sendo un pozo inesgotable cuxo fluír non se pode pechar tampouco porque se publique un dicionario máis ou menos normativo. A disciplina lingüística destas últimas décadas —cuxa necesidade repito que non nego— produciu como efecto vicioso a teima reduccionista, o horror pola abundancia, a persecución da diferenza, o odio pola sinonimia, a repugnancia polo dialecto e a aversión polas variantes. E certamente todas estas actitudes de rexeitamento téñense apoiado en palabróns pseudotécnicos que hai que poñer en cuestión.

Porque vexamos; ¿que é «dialectalismo» nunha lingua coma a galega, dialectalmente tan compacta, e tan recentemente estandarizada, ou mellor dito, aínda estandarizándose? Poñamos por caso unha rara palabra que se di polo menos de cinco maneiras, todas do mesmo étimo: *feito*, *fento*, *fenta*, *felgo* e *folgueira*, as cinco derivadas, con ou sen sufixación, do latín *filictum*. O dicionario da Academia recolle as cinco formas como lexítimas, e a ningunha lle apón o sambenito de «dialectal»; de feito, nun certo senso todas son dialectais, pois cada unha dise máis ou menos no seu sitio. E outro tanto sucede con *maceira*, *maciñeira* e *mazaira*. ¿Entón a que vén o capricho de proscibir como dialectais outras variantes? A nada que se poida soste con criterios lingüísticos razoables; porque verdadeiramente mal se pode soste que, aceptando como boas *maceira* e *mazaira*, despois se acepte *abeleira* e se proscriba *abelaira*.<sup>1</sup>

<sup>1</sup> En realidade, teño unha hipótese bastante boa: a forma *mazaira* aceptouse porque ten sido pouco usada na literatura; e a forma *abelaira* excluíuse porque ten sido moi usada na literatura. Xusto ó revés do que parece normal; pero é que nós non somos un país normal, senón un país onde unha fracción significativa de filólogos odian os escritores que crearon a lingua de cultura que lles dá de comer.



Mais volvendo ó rego: o concepto «dialectalismo» que se emprega xeralmente entre nós é vento e fume, non ten verdadeira substancia; o que pasa é que sempre hai algún maniático, por exemplo os que fixeron o corrector que teño no meu ordenador, o cal aínda me subliña en vermello prohibitivo as formas maciñeira e mazaira que o dicionario da Academia inclúe como lexítimas, e que o serían aínda que non as incluíse. Na miña opinión, o concepto de dialectalismo como cousa diferente excluída da norma podería persistir para as flexións verbais, as variantes morfolóxicas e algúns fenómenos como o teísmo ou o cheísmo; en canto ás palabras patrimoniais, todo é dialecto, e todo é, ou debe ser, idioma xeral. «Non riduciamo la lingua italiana in pelle e ossa, com'è ridotta la francese», dicía Giacomo Leopardi.

Outro deses conceptos fantásticos que se utilizan como ferramentas de proscrición é o de «vulgarismo», unha palabra francamente estúpida cando se emprega cun senso pexorativo ou condenatorio. En primeiro lugar hai que lembrar que o termo *vulgarismo*, a pesar do seu aspecto latino, é un anglicismo relativamente recente nas outras linguas da Europa occidental, cousa que xa non di moito en favor del; pero é que ademais cada unha destas linguas dálle un significado bastante diferente.

En francés, *vulgarisme* defínese como «expression, tour employé communément et qui n'est pas littéraire». Realmente, dicir que unha expresión non é literaria é coma non dicir nada; pero por outra banda ben se ve que non hai ningún matiz negativo na definición; e malamente o podía haber, porque a segunda acepción de *vulgarisme* en francés é a nobilísima de «tendencia de certos escritores da Grecia moderna a substituír a lingua literaria tradicional pola lingua demótica»; tendencia que, segundo teño entendido, é non só a de «certos escritores» senón a da grande maioría.

En italiano *volgarismo* é unha palabra moi raramente usada, que se define como «espressione, locuzione et simili tipiche di un volgare»; e como «volgare» significa «lingua parlata dal popolo», ben se ve que *volgarismo* será unha palabra con pouco contido semántico, pero que desde logo está desprovista de matiz negativo.

O problema noso está na definición de vulgarismo en castelán, idioma no que o vocábulo aparece ó redor do 1900: «palabra o expresión propia de la lengua más baja, hablada por el estrato menos culto de la población de un país». Cunha definición tan clasista, que é a que leo no dicionario enciclopédico máis prestixioso en España nos últimos corenta anos, e que coincide coa que aprendemos na nosa primeirísima mocidade, xa se sabe a onde se pode chegar. Certo é que os dicionarios galegos son un pouco máis politicamente correctos; pero a cuestión é que

- Segundo a definición italiana, o concepto de vulgarismo é absolutamente irrelevante: consonte con ela, todo o que nunha lingua pertence ó estrato patrimonial é vulgarismo.
- Segundo a definición francesa, o concepto carece de substancia real, pois o que o definiría sería un feito accidental, visto que todo vulgarismo deixa de selo en canto entra na literatura.
- Segundo a definición española, vulgarismo é todo o que non é burgués e de dereitas.

- En canto ás definicións galegas, están feitas pra xustificar a posteriori a decisión, sen dúbida correcta, de non representar graficamente nos niveis formais da escrita pronuncias como admirar ou adequirir, que ó parecer son vulgarismos. ¿Serano tamén no Brasil...?

O malo é que vulgarismo segue sendo pra nós unha palabra-machado que serve exactamente igual contra calquera forma que se lle antolle ó maniático de garda. Como o termo carece de toda precisión, e como no sentido que se soe usar é de estirpe clasista e ademais implica un concepto erróneo do que é o feito lingüístico, eu penso que debemos prescindir completamente del. ¿Como se vai cualificar de vulgarismo, poño por caso, a forma *probe*, perfectamente maioritaria en galego e escrita desde o século XIII? ¿É un vulgarismo a forma *pra* da preposición, que é a normal en todas partes? Pois estas son dúas das pérolas que teño visto asinadas por licenciados en filoloxía...

\* \* \*

Os escritores temos que poñernos en contra desas nefastas manías, temos que combatalas activamente, e pola nosa banda temos que recuperar as boas palabras populares, e por suposto, tamén os nobres arcaísmos que mellor nos conveñan —«che facciano ai nostri bisogni o comodi», como diría o conde Leopardi. É hora xa de que as editoriais galegas prescindan da súa maniática función ultranormativizadora, e respecten escrupulosamente a lingua dos autores escrupulosos, limitándose a introducir prudentes correccións imprescindibles na dos autores descoidados. E é hora tamén de que os filólogos e os licenciados en filoloxía se poñan cada un no seu sitio: nin máis nin menos. A autonomía literaria debe restaurarse, en primeiro lugar porque a literatura é así, pero tamén porque a lingua é así. E parece dicir unha soberbia, pero talvez fose mellor que se lembrase que a existencia das editoriais galegas e dos licenciados en filoloxía galega se debe a que no pasado houbo Rosalía, Curros e Pondal, que converteron unha lingua oral, un «dialecto», en lingua literaria e de cultura. E nós, na nosa humildade, somos os seus herdeiros, e temos que seguir na parte que nos toca o seu traballo, porque a lingua é un ser vivo perpetuamente en crecemento e cambio. Pra dicilo invocando implicitamente outra autoridade non pequena, a de Joachim Du Bellay e a súa *Défense et Illustration de la Langue Française*, énos urxente recuperar «mille autres bons mots que nous avons perdus par notre négligence». Tense dito que cada vez que morre un vello, morre con el unha palabra. Iso non é sempre así, senón tan só algunhas veces; pero o que si me parece certo sempre é que cada vez que unha palabra morre, ou é asasinada, antes de morrer aquilo que designa, non é que a lingua se transforme; non, daquela morre unha pequena parte da lingua, e polo tanto morre tamén unha minúscula parte da patria.